



ACTA Nº 2022/6

Sesión ordinaria do Pleno do Concello

Sala de sesións da casa do concello, luns 27 de xuño de 2022

No día de hoxe, ás 20:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D.^a María Jesús Berbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D. Eugenio Vidal Quintáns

D. Manuel Lorenzo Hermida

PP

D. Francisco M. Calzas Suárez

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juíz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dna. Marta Rey Lema excusa a ausencia de D. Eugenio Vidal Quintáns e D. Manuel Lorenzo Hermida e Dna. Raquel Rodríguez Amigo excusa a ausencia de D. Francisco Calzas Suárez, por motivos persoais e laborais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de maio de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de maio de 2022.

2º. Ditame sobre o expediente do proceso de estabilización de prazas estruturais cubertas temporalmente. Modificación do cadro de persoal que acompaña ao orzamento. Exp. 2022/E001/000005.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21 de xuño de 2022, que se transcribe literalmente:

“2.Proposta de ditame sobre o expediente do proceso de estabilización de prazas estruturais cubertas temporalmente. Modificación do cadro de persoal que acompaña ao orzamento. Exp. 2022/E001/000005.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de xuño de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

ASUNTO: PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE PRAZAS ESTRUCTURAIS CUBERTAS TEMPORALMENTE. MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL QUE ACOMPAÑA AO ORZAMENTO
EXPT.: 2022/E001/000005

ANTECEDENTES

Vista a Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público co fin de situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8 % no conxunto das AAPP.



Vistos os procesos de estabilización ordinaria, previstos no artigo 2 desta norma, e cualificada, contemplados nas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª, todo elo en interpretación conxunta cos artigos 23 e 103 da CE así como o TREBEP.

Visto o informe do Secretario da Corporación emitido o 4 de maio de 2022 relativo ao “Proceso de estabilización de prazas de carácter estrutural”.

Considerando a necesidade de reclasificar as prazas que figuran como temporais na plantilla de persoal pero que, de feito, teñen o carácter de estrutural dadas as súas funcións e tarefas, que se repiten periodicamente, debendo reflexar a imaxe fiel da actuación administrativa conforme aos principios de boa administración.

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía núm. 567/2022 con data 18-05-2022 relativa á aprobación da oferta de emprego público do Concello de Vimianzo para o 2022.

Vistos os artigos 90 da LBRL, art.126 do TRRL e art. 22.2.i da LBRL, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de Asuntos Xerais, a seguinte proposta de ditame:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral, conforme ás modificacións derivadas do proceso de estabilización de prazas de carácter estrutural, segundo se reflicte no cadro anexo.

Segundo.- Que se expoña ao público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo).

Terceiro.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobada esta modificación do cadro de persoal adxunto ao Orzamento do Concello de Vimianzo para o ano 2022, debendo cumprirse o trámite da publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos deste concello, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 e o 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso, procederase de acordo co previsto no artigo 169.1 del.

Cuarto.- Una vez aprobado definitivamente este acordo, remitirase unha copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no art. 127 do TRRL.

O que asino en Vimianzo,
Alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez

ANEXO

CADRO DE PERSOAL. EXERCICIO 2022

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	CATEGORIA	CLASE	SUBGRUPO	ANTIG.	CODIGO POSTO	SITUACIÓN/OBSERVACIÓNS
AREA: XESTIÓN ADMINISTRATIVA								
Secretaría	Hab. Estatal	Secretaría	Entrada	Segunda	A1	05-12-05	FHN-01	Propiedade
Técnico de Xestión	Admón Xeral	De Xestión	Media	---	A2	24-02-05	XUA-02	Propiedade
Administrativo	Admón Xeral	Administrativa	---	---	C1	01-04-93	XUA-03	Propiedade
Auxiliar Adtvo	Admón Xeral	Auxiliar	---	---	C2	19-03-99	XUA-04	Propiedade
Auxiliar Adtvo	Admón Xeral	Auxiliar	---	---	C2		XUA-05	Vacante/Ocupada por funcionaria interina
Auxiliar Adtvo	Admón Xeral	Auxiliar	---	---	C2	01-04-02	XUA-06	Propiedade
Arquitecto	Admón Espec	Técnica	Superior	---	A1	03-09-01	UAF-01	Propiedade
Técnico de urb.	Admón Espec.	Técnica	Media	---	A2	16-02-10	UAF-02	Vacante/Ocupada por funcionaria interina
AREA: XESTIÓN ECONÓMICA								
Intervención	Hab. Estatal	Intervención	Entrada	Segunda	A1	01-09-21	FHN-02	Nomeamento provisional
Tesoureiro	Hab. Estatal	Tesourería	Entrada	---	A1		FHN-03	Vacante
Técnico	Admón Xeral	Técnica	---	---	A1	01-08-93	ECA-01	Propiedade
Técnico de Xestión	Admón Xeral	De Xestión	Media	---	A2	01-02-89	ECA-02	Propiedade
Administrativo	Admón Xeral	Administrativa	---	---	C1		ECA-03	Vacante/Promoción interna
AREA: ALCALDÍA								
Oficial Xefe	Admón Espec.	Serv. Especiais	---	Policía	C1		SFC-01	Vacante
Oficial	Admón Espec	Serv. Especiais	---	Policía	C1	15-04-02	SCF-03	Propiedade
Policía	Admón Espec	Serv. Especiais	---	Policía	C1	01-01-06	SCF-04	Propiedade
Policía	Admón Espec	Serv. Especiais	---	Policía	C1	15-09-04	SCF-05	Propiedade
Policía	Admón Espec	Serv. Especiais	---	Policía	C1	12-04-10	SCF-06	Propiedade
AREA: ACCIÓN SOCIAL								
Traballador/a Social	Admón Espec	Técnica	Media	---	A2	16-05-95	SSF-01	Propiedade
Auxiliar Adtvo	Admón Xeral	Auxiliar	---	---	C2	21-02-02	SSF-02	Propiedade
Auxiliar Adtvo	Admón Xeral	Auxiliar	---	---	C2	24-11-02	SSF-03	Propiedade
Educador/a familiar	Admón Espec	Técnica	Media	---	A2	22-03-02	SSF-04	Propiedade
Técnico desenvolvemento local e emprego	Admón Xeral	Xestión	Media	---	A2	21-09-96	TLE-01	Propiedade
Tec.A. Informático/a	Admón Espec.	Técnica	---	---	C1	11-11-04	TLE-02	Propiedade
Técnico desenvolvemento rural	Admón Espec	Técnica	---	---	A2	13-01-06	TLE-03	Propiedade
AREA: CULTURA E DEPORTES								

PRAZA	ESCALA	SUBESCALA	CATEGORIA	CLASE	SUBGRUPO	ANTIG.	CODIGO POSTO	SITUACIÓN/OBSERVACIÓN
Técnico de Xestión	Admón Xeral	Xestión	Media	---	A2	22-10-98	TCU-01	Propiedade
AREA: URBANISMO								
Oficial 2ª de Albanel	Admón Espec	Servizos Especiais	Oficial	----	E	-	ALB-03	Vacante/Ocupada por funcionario interino
Oficial 2ª de Albanel	Admón Espec	Servizos Especiais	Oficial	----	E	-	ALB-04	Vacante/Ocupada por funcionario interino
Oficial 2ª de Albanel	Admón Espec	Servizos Especiais	Oficial	----	E	-	ALB-05	Vacante/Ocupada por funcionario interino
Oficial 2ª de Albanel	Admón Espec	Servizos Especiais	Oficial	----	E	-	ALB-06	Vacante/Ocupada por funcionario interino
Operario serv. Multip.	Admón Espec	Servizos Especiais	Oficial	----	E		OSM-01	Vacante/Ocupada por funcionaria interina
Operario serv. Multip.	Admón Espec	Servizos Especiais	Oficial	----	E	-	OSM-02	Vacante/Ocupada por funcionario interino

CADRO DE PERSOAL. EXERCICIO 2022

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACION	TITULACION ESIXIDA	GRUPO	C. POSTO	SITUACION/OBSERVACION
AREA: SERVICIOS				
Operaria Limpeza	Certificado Escolaridade	E	SXL-01	Cuberta
Operaria Limpeza	Certificado Escolaridade	E	SXL-02	Cuberta
Operario Limpeza viaria	Certificado Escolaridade	E	SXT-03	Cuberta
Operario Servizo de Auga	Certificado Escolaridade	C2	ABAL-01	Cuberta
AREA: CULTURA E DEPORTES				
Auxiliar Biblioteca	Bacharel Superior	C1	CUL-01	Cuberta
Conserxe Castelo	Certificado Escolaridade	E	CUL-02	Cuberta
AREA: SERVICIOS				
Operaria Limpeza	Certificado Escolaridade	E	SANL-01	Vacante
Auxiliar electricista	FPI-Eléctric. ou similar	C2	IIT-01	Vacante/Ocupada provisionalmente
Auxiliar electricista	FPI-Eléctric. Ou similar	C2	IIT-02	Vacante/Ocupada provisionalmente
Peón Limpeza viaria/xardíns	Graduado Escolar	E	RLT-01	Vacante/Ocupada provisionalmente
Peón Limpeza viaria/xardíns	Certificado Escolaridade	E	RLT-02	Vacante/Ocupada provisionalmente
Operario Protección civil-coordinador de servizos externos	Certificado Escolaridade	C2	CSE-01	Vacante/Ocupada provisionalmente
Operario de Protección civil e emerxencias	Certificado escolaridade	E	PRC-02	Vacante/Ocupada provisionalmente
AREA: DEPORTES E ESPARCEMENTO				
Animador Deportivo	Diplomatura	A2	DET-01	Vacante/Ocupada provisionalmente
Auxiliar de Cultura	Graduado Escolar	C2	CUL-03	Vacante/Ocupada provisionalmente

CADRO DE PERSOAL. EXERCICIO 2022

D) OUTRO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PREVISTO NO EXERCICIO:

DENOMINACION	TITULACION ESIXIDA	GRUPO	Nº POSTOS	CODIGO POSTO	DURACION CONTRATO	SITUACION/OBSERVACIONES
AREA: SERVIZOS						
Tractorista	Certificado escolaridade	E	1	TRA-01	8 meses/ano Fixo descontinuo a TC	Vacante/Ocupada por sentenza número 241/2020 do Xulgado do Social N5 da Coruña
Coordinador escolas deportivas	Diplomatura	A2	1	-	12 meses Indefinido a TP (56,25%)	Vacante/Ocupada por sentenza número 453/2019 do Xulgado do Social N1 da Coruña

E) PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PREVISTO NO EXERCICIO:

PAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CATEGORIA	CLASE	SUBGRUPO	ANTIG.	CODIGO POSTO	SITUACIÓN
AREA: ACCIÓN SERVIZOS								
Traballador/a Social	Admón Espec	Técnica	Media	---	A2	-	SSF-05	Ocupada por funcionaria interina por programa (art. 10.1.c) TREBEP)

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, unha abstención (1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta destaca a necesidade de dar cobertura ás prazas xa ocupadas regularizándoas.

Dna. Raquel Rodríguez non traslada aspecto algún en relación coa proposta.

Dna. Marta Rey está dacordo e refírese á modificación da RPT para adecualala á nova circunstancia.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

Queda por tanto aprobada inicialmente a modificación proposta.

3º. Ditame sobre o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas para o ano 2022.



Na sesión realizada pola Comisión informativa de contas, facenda e orzamentos, o martes, 21 de xuño de 2022, emitiuse o seguinte **DITAME**:

“1.Proposta de ditame sobre o expediente de modificación da ordenanza fiscal número 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas para o ano 2022. Exp.2022/X999/000013.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 18 de maio de 2022, que se transcribe literalmente:

“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS PARA O ANO 2022

Vista a necesidade de modificar a Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do Índice de Prezos de Consumo (IPC).

Visto a taxa de variación anual do IPC a novembro de 2021 que foi de 5,5 %.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.– Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

“7.2. A cota tributaria pola prestación dos servizos de escola infantil determinarase de conformidade coa seguinte tarifa e cos descontos previstos para adoptar a contía das taxas á capacidade económica dos suxeitos pasivos.

(...Resto do artigo permanece igual...)

4. Aplicación das taxas mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar, queda como segue:

Tramos renda per cápita		Xornada completa	Media		
Intervalo IPREM	Tarifa		Xornada	Comedor Escolar	Transporte
> 200%	1	173,02	86,51	50	50
151% - 200%	2	150,31	75,16	43	43
126% - 150%	3	136,25	68,13	36	36
101% - 125%	4	114,62	57,31	25	25

76% - 100%	5	71,36	35,69	18	18
51% - 75%	6	35,69	17,84	12	12
31% - 50%	7	0	0	12	12
< ou = 30 %	8	0	0	0	0

(...Resto do artigo permanece igual...)

6. As taxas establecidas no punto 4 actualizaranse anualmente conforme as fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLFL.

7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

(Sen contido)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,30	0,40
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,56	0,64
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,88	0,80
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	5,14	1,04
Maiores ao triplo do SMI	6,45	1,31

A estes prezos hai que engadirlle un custo de 1,92 € por día para o transporte se este fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

Segundo.– Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.– Aprobar, con carácter definitivo; o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.– Publicar, unha vez aprobada a modificación; o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal núm. 24 no Boletín Oficial da Provincia.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de contas, facenda e orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.



O que asino en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

O Interventor explica o contido.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

4º. Ditame sobre a adhesión á Declaración en defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas. Exp. 2022/X998/000046.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21 de xuño de 2022, que se reproduce a continuación:

"1.Proposta de ditame sobre a adhesión á Declaración en defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas. Exp.2022/X998/000046.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 14 de xuño de 2022, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Adhesión á Declaración en defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas. Exp.2022/x998/000046.

Visto o certificado remitido pola entidade Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT), ao respecto da adhesión á "Declaración sobre la Defensa del Cielo Nocturno y el Derecho a la Luz de las Estrellas", na que se fai constar que en dita Declaración, emanada da "I Conferencia Internacional Starlight" (2007), e en cuxa elaboración participaron representantes de UNESCO, OMT, IAU, IAC, Programa MaB e Convención Ramsar, ademais de outros organismos internacionais, se conteñen os principios e reflexións que levan a considerar o Ceo Nocturno coma un patrimonio de todos e se expoñen as recomendacións para protexelo e valoralo coma un ben científico, cultural, medioambiental e turístico de primeira magnitude.

Seguen explicando que con esta Declaración iníciase unha campaña internacional, xestionada pola Fundación Starlight, en defensa da calidade dos ceos nocturnos e o dereito á observación das estrelas, aberta á participación de todas as institucións, públicas e privadas, asociacións científicas, culturais e cidadanas, relacionadas coa defensa do ceo nocturno.

Pretende así reforzar a importancia que os ceos limpos teñen para a Humanidade, realzando e dando a coñecer o valor que este patrimonio, en perigo, posúe para a ciencia, a educación, a cultura e o turismo. Así tamén, destacase o dereito a un ceo nocturno non contaminado como factor de calidade de vida, axudando a difundir os beneficios directos e indirectos, tecnolóxicos, económicos e culturais, asociados á observación das estrelas.

Tendo en conta o exposto e vista a competencia do Pleno, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Primeiro: Adhesión do Concello de Vimianzo á “Declaración en Defensa del Cielo Nocturno y el Derecho a la Luz de las Estrellas”, asumindo como propios os obxectivos contidos na mesma.

Segundo: Autorizar á Alcaldesa-Presidenta da Corporación para as actuacións necesarias para a súa formalización e remisión deste acordo.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Asuntos Xerais, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, unha abstención (1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

O que asino en Vimianzo

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”.

A Alcaldesa-Presidenta refírese ó atractivo de ser xeodestíño e dí que se fixo unha exposición desde a FEMP que corre cos custos que se poidan derivar. Amáis a xestión foi consultada con Jorge Mira e habendo outros destíños tratando de certificarse, de conseguilo sería un éxito.

Dna. Raquel Rodríguez dí que todo o que sexa sumar será benvido.

Dna. Marta Rey traslada que todo o que sexa para Vimianzo será o mellor.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

Queda por tanto aprobado o ditame proposto.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 26-05-2022 con número 597/2022 ata o día 21-06-2022 con número 734/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7º. Rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey pregunta en relación cos contratos de limpeza de núcleos xa que se están a facer contratos coa mesma empresa.



A Alcaldesa-Presidenta contesta que está sendo un problema a falta de persoal tanto a nivel público como de empresa privada e xa se licitou dúas veces o contrato de limpeza, en febreiro, e quedou deserto e a antiga empresa non renovou o contrato que había. Amáis se fixeran lotes para promover a presentación de empresas distintas pero non licitou ninguén e coas choivas e necesario limpar de xeito urxente porque crece a maleza moi rápido.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:20 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz